



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Presentación de declaracións de incompatibilidades e actividades económicas e a de bens patrimoniais

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), faise público que todas as concelleiras e concelleiros electos da Corporación Municipal de Baralla, presentaron no modelo normalizado as declaracións de incompatibilidades e actividades económicas e as de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, e foron inscritas no rexistro de intereses do Concello coas seguintes datas e números de rexistros:

NOME E APELIDOS	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO
Alberto Enrique Parajuá Alonso	06-06-2019	53
José Jaime González del Río	11-06-2019	54
Patricia López Fernández	11-06-2019	55
Manuel Rodríguez Vilela	11-06-2019	56
María Rosa Caloto López	11-06-2019	57
Manuel Jesús González Capón	12-06-2019	58
Ángel Rodríguez Barcia	12-06-2019	59
Rubén Armada López	12-06-2019	60
Manuel Fernández Gómez	12-06-2019	61
Xosé Manuel Becerra Pardo	12-06-2019	62
Miguel González Piñeiro	12-06-2019	63

Baralla, 12 de xullo de 2019.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2208

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2019, o expediente de modificación de créditos núm. 10 /2019, (3º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe de Noventa e seis mil cento cincuenta e nove con dez euros (96.159,10 €), en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia,

poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2209

BÓVEDA

Anuncio

Expediente: 364/2019

O pleno da corporación municipal en sesión celebrada o día un de xullo de 2019, adoptou os seguinte acordo:

"Delegar na Xunta de Goberno tódalas atribucións propias, enumeradas nos apartados que se citan do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril.:

j), O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

k), A declaración de lesividade dos actos do Concello.

m), A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

ñ), A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

q) As demais que expresamente lle confiran as leis."

O que se fai público en aplicación do disposto no artigo 44.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Bóveda, 15 de xullo de 2019.- O Secretario-interventor, Luis Eduardo Matías Sánchez.

R. 2210

CASTROVERDE

Anuncio

En cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o 5 de xullo do actual, para dar cumprimento ao establecido no art. 38 do Real Decreto 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, adoptou os acordos que na súa parte dispositiva resultaron do seguinte teor literal:

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO

PRIMEIRO.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

-A declaración de lesividade dos actos do Concello.

-A concertación das operacións de tesourería, cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

-As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos e os contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e o alleamento do patrimonio atribuídas ao Pleno do concello na disposición adicional segunda da LCSP cando non requira para a súa aprobación maioría absoluta.

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Pleno, aínda cando non estean previstas no orzamento.

-As demais que expresamente lle confiran as leis e non esixan unha maioría especial para a súa aprobación.

SEGUNDO.- As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que corresponden ao órgano delegante.

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía, a adxudicación dos contratos, á que fai referencia o artigo 150.3 do texto refundido da lei de contratos do sector público.

CUARTO.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 8 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro e os artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

QUINTO.- O presente acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no B.O.P. de Lugo, conforme ao establecido no art. 51.2 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro.

RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN.

PRIMEIRO.- Establecer como cargos que levarán aparelhada réxime de dedicación os seguintes:

-A Alcaldía-Presidencia, en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación do 80% da xornada ás tarefas propias do cargo, que poderán variar segundo as necesidades dos servizos, cunhas retribucións brutas anuais de 33.132,82 €, distribuídas en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

-A Delegación de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte, en réxime de dedicación exclusiva ás tarefas propias do cargo, que non obstante poderán variar segundo as necesidades do servizo, cunhas retribucións brutas anuais de 23.800 € distribuídas en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

SEGUNDO.- Quen ostente o cargo será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.

TERCEIRO.- O importe das retribucións actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se establezan ao respecto.

INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA A SESIÓNS, DIETAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA Á SESIÓNS.

1.- Os membros corporativos que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán por asistencia efectiva a cada sesión:

- Por asistencia a cada sesión de Pleno: 110 euros.

- Por asistencia a cada sesión de Xunta de Goberno: 60 euros.

- Por asistencia dos representante deste concello ás sesións dos órganos colexiados dos que forman parte: 70 euros.

2.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVICIO

-Gastos de locomoción con vehículo propio: 0,30 euros/km. Fíxase a distancia a Lugo, a efectos de indemnización, en 50 quilómetros, ida e volta, quedando excluído o aboamento de gastos de aparcamento e similares. A xustificación farase mediante “declaración responsable”, na que consten, polo menos, os seguintes extremos: día, motivo e km percorridos.

Dieta por manutención, fóra do concello:

Media dieta: 40 € /día

Dieta completa (sen pernocta) : 80 € /día

A xustificación farase mediante “declaración responsable”, na que consten, polo menos, os seguintes extremos: día, motivo, hora de saída e hora de chegada.

Os gastos de aloxamento, aboaranse coa presentación da correspondente factura.

Calquera outro tipo de indemnización será aprobada pola Xunta de Goberno, previa presentación dos correspondentes xustificantes dos gastos.

ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS MUNICIPAIS.

1.- A dotación aos Grupos Políticos, será en función das seguintes contías:

-Unha cantidade fixa de 40 euros mensuais por Grupo.

-Unha cantidade variable, en función do número de concelleiros, de 30 euros mensuais por cada concelleiro.

2.- Os pagos aos Grupos faranse con carácter trimestral, con efectos desde a adopción deste acordo.

3.- O importe da dotación establecida non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

4.- Os Grupos deberán levar unha contabilidade específica da dotación establecida, que se poñerá a disposición do Pleno do Concello, sempre que este o solicite.

Castroverde, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 2211

Anuncio

DECRETO DO 1 DE XULLO DE 2019

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e procedéndose o día 15 de xuño á constitución da nova Corporación Local, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Designar como Tenentes de Alcalde deste Concello de Castroverde, aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Eduardo Álvarez López.

Segunda Tenente de Alcalde: Dona Isabel Pérez García.

Terceiro Tenente de Alcalde: D. Alberto Castro Sal.

SEGUNDO. Os Tenentes de Alcalde nomeados terán como cometido a substitución do Alcalde en todas as súas funcións, pola orde en que están nomeados, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite o exercicio das atribucións que me competen, así como nos supostos de vacante da Alcaldía, tal como determina o artigo 47 do Regulamento citado.

TERCEIRO.- Delegar nos concelleiro e concelleira, que de seguido se citan, as seguintes atribucións:

- D. Eduardo Álvarez López: Delegación de Obras e Servizos.

- Dona M^a del Pilar Ferreiro Villar, Delegación de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte.

As delegacións comprenden a dirección e xestión dos servizos correspondentes, non incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

CUARTO.- Esta Resolución, da que se dará conta ao Pleno e publicarase Boletín Oficial da Provincia, notificándose ós nomeados, terá efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.

DECRETO DE ALCALDÍA DO 15 DE XULLO DE 2019

Creada a Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 5 de xullo de 2019, de conformidade coas facultades que me son conferidas nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 62 e 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46 e 52 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Designar membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleira:

-Don Eduardo Álvarez López, Primeiro Tenente de Alcalde

-Dona Isabel Pérez García, Segunda Tenente de Alcalde

-Don Alberto Castro Sal, Terceiro Tenente de Alcalde

Segundo.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local en dúas sesións mensuais, a celebrar o primeiro e o terceiro mércores ás 14 horas. De coincidir en festivo, a sesión celebrarase o seguinte día hábil.

Terceiro.- A Xunta de Goberno celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 17 de xullo de 2019, ás 13:50 horas, celebrando, de seguido, a súa primeira sesión ordinaria.

Cuarto.- Corresponderá á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, e as que lle delegou o Pleno en sesión de 5 de xullo de 2019, e sen prexuízo da adopción dos actos que sexan de mero trámite que corresponderán a esta Alcaldía, a facultade de resolver nas seguintes materias, atribuídas legal ou regulamentariamente á Alcaldía, e que agora delego:

En materia de contratación.

-As contratacións e concesións de toda clase que son competencia de Alcaldía, en virtude do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), é dicir, aquelas nas que o seu importe non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido

aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin da contía sinalada, a excepción da contratación menor, regulada no art. 118 da LCSP, onde unicamente se delegará na Xunta de Goberno Local a súa adxudicación.

-Aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación ou concesión e estean previstas no orzamento.

-Aprobación das certificacións e liquidacións, e demais actos resolutorios relativos ao cumprimento e execución dos contratos.

En materia económico financeira.

-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da Alcaldía, agás pagos por importe igual ou inferior a 5.000 euros, IVE excluído, determinación nominativa por asistencias, gastos de locomoción e dietas dos membros da Corporación, indemnización por razón do servizo do persoal, haberes e retribucións de todo o persoal municipal, gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

-Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigacións en todos os supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno.

- Aprobación de padróns fiscais e a súa modificación.

-Aprobación de Bases e concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

Solicitude de subvencións ou axudas económicas, que requiran achega municipal superior a 5.000 euros.

-Aprobación da liquidación do orzamento municipal.

-Aprobación de liquidacións de ingresos derivados de concesión de licenzas e autorizacións.

-A concertación de operacións de crédito e de tesourería de acordo co disposto no artigo 21.1 f) da LRBRL.

-Devolución de garantías constituídas.

En materia de urbanismo e licenzas.

-A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e aprobación dos proxectos de obras ordinarias.

-Outorgamento de licenzas e autorizacións.

En materia de persoal.

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisións de postos de traballo.

-Aprobar as gratificacións por servizos extraordinarios e o recoñecemento de trienios e antigüidade.

En materia de bens.

-A concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando corresponda á Alcaldía.

-O alleamento do patrimonio cando corresponda á Alcaldía, agás os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non estea previsto no orzamento.

En materia de Servizos Sociais.

-Resolución de expedientes de emerxencia social.

En materia sancionadora.

-Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída ao Pleno.

Outras materias.

-O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias de competencia da Alcaldía.

-As demais atribucións que expresamente lle atribúan as leis ao Alcalde e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

Quinto.- Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá, mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

Sexto.- Esta Resolución, da que se dará conta ao Pleno e publicárase Boletín Oficial da Provincia, terá efectividade dende ao día seguinte da súa sinatura.

Castroverde, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 2212

CHANTADA

Anuncio

Expediente:780/2019

Vistas as atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente art. 21 da Lei 7/85, art. 24 R.D.781/86, art 41 R.D. 2568/86, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.

Visto o disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 47 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dacordo co cal *corresponde ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súas funcións e polo orden do seu nomeamento ó Alcalde, en casos de ausencia*, entre outros, esixíndose nestos casos, resolución expresa de delegación das competencias de que se trate, resolución que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 44 .1 e 2 do mesmo regulamento.

Visto o establecido no artigo 44.1 e 2 do R.D. 2568/86 dacordo cos cales as delegacións se realizarán por decreto de Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio, producindo efectos a resolución desde o día seguinte á data da mesma, sen perxucio da súa obrigatoria publicación no BOP.

Visto que esta Alcaldía ausentárase do termo municipal con motivo de período vacacional dende os días 15 o 30 de xullo de 2019 ambos inclusive.

En base ao anterior,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar no 1º Tenente de Alcalde Don Manuel Diéguez Carballo a totalidade das funcións da Alcaldía, dende os días 15 o 30 de xullo de 2019, ambos inclusive.

SEGUNDO: Ordear a publicación da presente no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín oficial da Provincia.

TERCEIRO: Notifíquese a presente ao interesado e comuníquese ó Pleno na vindeira sesión que celebre.

CHANTADA, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez. Ante min, a Secretaria, ós efectos de fe pública, María Yebra-Pimentel López.

R. 2223

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Vista a acta do tribunal cualificador de data 9 de xullo do 2019.

RESOLVO

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA DE ADMITIDOS/AS EXCLUIDOS/AS PROVISIONALMENTE NO PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL POLO SISTEMA DE MOBILIDADE.

ADMITIDOS/AS PROVISIONALMENTE	
1.CAMESELLE FERNANDEZ ROBERTO	
2.MONTES FERREIRO RUBEN	

EXCLUIDOS/AS PROVISIONALMENTE	CAUSA
1. CANDAL MIRANDA JOSE RAMON	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.
2. DE FUSCO GOYANES SALVATORE	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.
3.PEREZ AMARO VERONICA	Non acreditar o requisito de contar cunha antigüidade mínima de tres anos na categoría de

	policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia.
4.RINCON BUENO ALBERTO	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.

De acordo co apartado 3.2 das bases, as/os aspirantes non admitidos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

Monforte de Lemos, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2213

O SAVIÑO

Anuncio

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE CATRO (4) POSTOS DE TRABALLO DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRO. Normas Xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso de catro postos de traballo na categoría de peón de servizos múltiples, en réxime laboral.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de seis meses, ao 75% da xornada, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño do traballo ao que se opta acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B .
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima
- H) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **sete días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

Solicitude de participación do Anexo I das bases.

- Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Carné de conducir tipo B .
- Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Celga 2
- Tarxeta de demandante de emprego
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de cinco días naturais, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de dous días hábiles para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

SEXTO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ningún. Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario [o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue].
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

--FASE DE CONCURSO:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables:

a) Experiencia:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de peón. **Ata un máximo de 3 puntos.**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de peón de servizos múltiples 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral: 0,10 puntos.

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

b) Formación:

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .

b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .

c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .

d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

No suposto de que non conste o número de horas do curso éste valorarase con 0,10 puntos.

c) Entrevista curricular. Ata un máximo de 2 puntos .

--FASE DE OPOSICIÓN

Ata un máximo de 6 puntos.

Exercicio escrito: Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 10 preguntas nun tempo máximo de media hora, proposto polo tribunal relacionados co programa recollido no anexo I. Será preciso acadar 3 puntos para superar esta proba.

Proba de galego: será obrigatorio a superación dun segundo exercizo oral, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito. Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación. Os aspirantes propostos achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos seguintes:

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Certificado médico oficial.

- Certificado de titularidade da conta bancaria.

-Fotocopia da tarxeta da seguridade social.

NOVENO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

O Saviñao, 3 de xuño de 2019.- O Alcalde, Joaquín, González González.

ANEXO I

Tema 1. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2.- Vías municipais. Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas e empregar.

Tema 3.- Conceptos básicos de fontanería, electricidade, carpintería, pintura e xardinería.

ANEXO II

CONCELLO DO SAVIÑO

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES.
- RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.- DATOS PERSOAIS.

Nome e apelidos:

Dni:

Teléfono:

Domicilio a efectos de notificacións:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

III.- MANIFESTO: Que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal catro prazas de peón de servizos múltiples.

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO: Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviño,..... de..... de 2019.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

Anuncio

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN ADMINISTRATIVO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRO. Normas Xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso- oposición dun posto de administrativo, en réxime laboral.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de doce meses, ao 100% da xornada, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño do traballo ao que se opta acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- e) Estar en posesión do Título de Bachiller ou Formación Profesional de Segundo Grado ou equivalente
- f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3. Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima
- g) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

